

Unha rachada

Disme que me queres moito,
abonda, non me digas ren,
sei que te entendas con outra,
e quero saber con quen.

Contaréille os meus pesares,
diréille os defeutos que tés;
nunca poderás deixarme;
eu xúrocho coma hai Deus.

Fai anos que me embaucache,
de min colliche o mellor,
tes moita cara pra deixarme,
sin pensar na miña door.

Coma unha loba rabienta,
loitarei pra conservarte,
teño azos pra loitar,
e valor para mancarte.

Eu quérote, pesei a todo,
—si esto é o que din querer—,
tamén quero a miña basoira,
con que a casa ando a barrer.

Isto lle decía ó seu amante,
unha muller de bandeira,
coma el tiñalle moito medo,
maino, sentóuse a súa beira.

LUISA CRESTAR

(Do libro “Nas orellas do Mendo”)

